

Que significa ser Centro eTwinning?



Figura 1. Elaboración propia (SNA/INTEF). Captura que mostra o logotipo de eTwinning Schools a partir da páxina de [ESEP](#). Licencia CC BY SA

O Servizo Central de Apoio eTwinning puxo en marcha a iniciativa eTwinning school (centros eTwinning en España) en 2018, co obxectivo de recoñecer o labor de aqueles centros que ten unha actividade relevante neste programa.

Optar a este recoñecemento supón o cumprimento dunha serie de requisitos entre os que se atopan a antigüidade do centro en eTwinning (mínimo dous anos), contar con, polo menos, tres docentes activos na plataforma e posuír, polo menos, un selo de calidade nacional por un proxecto eTwinning. No ano 2025, 2.965 centros de toda Europa foron recoñecidos como eTwinning Schools. De entre estes centros, 155 foron centros educativos españois

A convocatoria para optar ó recoñecemento é anual e a acreditación ten unha validez de dous anos.

Como se pode obter a acreditación eTwinning School?

Se un centro cumpre estes requisitos, os docentes reciben unha invitación para encher o formulario de solicitude a través da Plataforma Europea de Educación Escolar.

Os centros solicitantes enchen un formulario. Nel teñen que demostrar que dispoñen dunha política de seguridade dixital, e describir o modo no que o centro planifica e implementa actividades relacionadas cos valores dos centros eTwinning. Ademais, ten que achegar probas documentais de todo isto. Posteriormente, o Servizo Nacional de Apoio avalía todas as solicitudes, analizando todas as evidencias achegadas, e valorando as actividades e o potencial dos centros. Os centros que superan con éxito este proceso de selección obtén a acreditación eTwinning School.

Cales son os valores dos centros eTwinning?

Os ideais que rexen a filosofía e a práctica dos centros eTwinning responden a unha serie de valores ou principios que orientan o seu labor. Estes son os valores:

- **Liderado compartido.** Nos centros eTwinning, o liderado é un proceso compartido, tanto no reparto das responsabilidades de organización como no proceso de toma de decisións.
- **Cooperación, intercambio e traballo en equipo.** Os docentes planifican proxectos ou actividades en equipo, e comparten as súas experiencias e prácticas. Ademais, colaboran na elaboración dun plan de acción eTwinning e utilízanlo para impulsar a innovación e o cambio nos seus centros. Procúrase a cooperación entre profesorado, alumnado, familias e axentes locais, co fin de mellorar as aprendizaxes e o benestar dos estudantes.
- **Alumnado como axente de cambio.** Os estudantes dos centros eTwinning teñen un papel activo e participan na toma de decisións na aula e no centro. Ademais, desempeñan un papel activo na construción das súas aprendizaxes e promoven eTwinning entre os profesores e as familias.
- **Modelos para outros centros.** Os centros eTwinning exercen de mentores doutros centros e serven como fonte de inspiración para a práctica de

eTwinning na súa comunidade. Ademais, son proactivos á hora de crear oportunidades de desenvolvemento profesional abertas a outras escolas da súa contorna.

- **Organizacións educativas inclusivas e innovadoras.** Os centros eTwinning son espazos de aprendizaxe innovadores, nos que está instalada a cultura da indagación e a experimentación. Así mesmo, están comprometidos coa diversidade en todos os ámbitos e realizan esforzos para crear contornas inclusivas para todos os estudantes. A diversidade non se concibe como unha desvantaxe, senón como un valor, pois enriquece á organización.

Que beneficios se esperan ó ser recoñecido como Centro eTwinning?

- Ser recoñecido oficialmente a nivel europeo como referente de calidade, e por isto recibir distintivos da Unión Europea, tales como unha placa e unha bandeira eTwinning.
- Dar a coñecer o Proxecto do centro, mellorar a consideración do mesmo por parte das diferentes Administracións posto que implica ter superado uns criterios de calidade avaliados, neste caso polo Servizo Nacional de Apoio eTwinning.
- Aumento do interese por parte das familias cara o programa eTwinning, e quizás, ampliar a participación destas en futuros proxectos.
- Gozar de maior visibilidade, o que pode favorecer o encontrar socios de proxectos eTwinning ou Erasmus+.
- Impulsar metodoloxías orientadas ó desenvolvemento competencial do alumnado.
- Dispoñer de programas específicos de desenvolvemento profesional.
- Formar parte dun Grupo eTwinning na Plataforma Europea de Educación Escolar (ESEP). Alí compártense boas prácticas, recíbese orientación, débátese en foros de discusión e ofrécense oportunidades de formación en liña exclusivas para este tipo de centros.

